



GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 26/11/08:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A ubicación do Concello de Vilaboa no Partido xudicial de Cangas foi contestada desde o seu comezo polas forzas políticas con representación municipal, atendendo as reiteradas queixas dos veciños e veciñas. Para todos os representantes municipais de distintas corporacións esta ubicación era escasamente razoable e produce grandes inconvenientes á hora de acceder a dereitos fundamentais como a xustiza e a seguridade pública. No ano 92, o BNG presentou unha moción, que foi aprobada por unanimidade por todos os membros da corporación, solicitando o traslado de Vilaboa ao Partido xudicial de Pontevedra.

Posteriormente, no ano 1998, aprobouse tamén por unanimidade unha proposta da alcaldía que demandaba a adscrición do concello de Vilaboa ao Partido xudicial nº4 e a súa exclusión do nº 7.

As xestións realizadas a raíz destes pronunciamentos plenarios non tiveron éxito e Vilaboa continúa ubicada no mesmo partido xudicial a pesar dalgúns intentos, mesmo desde o mundo da xudicatura, de racionalizar a situación xudicial do noso concello. En concreto, houbo unha proposta saída da Audiencia Provincial que facía fincapé na contraproducente situación do noso concello.

Nas últimas semanas, debido aos roubos en vivendas e negocios, algúns empresarios do noso concello volveron a sufrir esta falta de racionalidade nos servizos de xustiza e seguridade e propuxeron publicamente a reubicación de Vilaboa no Partido Xudicial de Pontevedra. Como queira que este é un acordo que xa se adoptou no seu momento por unanimidade, este é un bo momento para reiteralo e mostrar de novo o posicionamento da corporación de Vilaboa nun tema de grande sensibilidade veciñal.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. O Concello de Vilaboa solicita a inclusión de Vilaboa no Partido Xudicial de Pontevedra, co obxectivo de mellorar a asistencia xudicial e en materia de seguridade.**
- 2. O Concello de Vilaboa enviará o presente acordo ao Ministerio de Xustiza, Consellería de Xustiza, Audiencia Provincial, Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galiza e Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados e Senado.**

3. Os Grupos Municipais de Vilaboa comprométense a facer as xestións necesarias diante dos seus grupos parlamentarios para a toma en consideración desta proposta.

Vilaboa, 25 de novembro de 2008

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA